

MÚSICA NA ESCOLA: CONCERTOS DIDÁCTICOS

WALTER SILVA ENSEMBLE

SERGIO SIRGO, TEXTO E NARRACIÓN



GUÍA DIDÁCTICA
Amalia Moreiras

ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN

OS INTÉRPRETES E O PROGRAMA

ACTIVIDADES ANTERIORES Ó CONCERTO:

1. Os instrumentos:
 - guitarra
 - contrabaixo
 - bandoneón
2. As formas musicais:
 - tango
 - chacarera
 - milonga
 - vals

ACTIVIDADES POSTERIORES Ó CONCERTO:

1. Vocabulario
2. "Gallegos"

ANEXOS

1. Textos das cancións
2. Debuxos para colorear

DISCOGRAFÍA

INTERNET

INTRODUCCIÓN

A guía que empezas a ler foi pensada como unha axuda ó profesorado de Música que quere preparar á súa clase antes da asistencia a un concerto. É o complemento escrito á música que logo se escoitará en vivo. Neste caso, trátase dun concerto dirixido a estudantes dos primeiros cursos de Primaria programado dentro do ciclo *Música na escola* do Concello de Ourense. Todo o traballo presentado a continuación ten como obxectivo preparar ó alumnado para que aproveite o concerto ó máximo. Aínda que as propostas de actividades veñen divididas para realizar antes ou despois do concerto, a maioría delas poden ser desenvolvidas indistintamente antes ou despois, quedando ó criterio do profesorado a súa orde de realización para poder adaptar as propostas didácticas ó tempo dispoñible e ó seu grupo e nivel.

OS INTÉRPRETES E O PROGRAMA

O conxunto *Walter Silva emsemble* é un grupo instrumental formado por cinco músicos, aínda que para o concerto *La bella Argentina* reducirán a súa formación a trío, composto por contrabaixo (Luis Miguel Francesch), bandoneón (Jorge Lema) e guitarra (Walter Silva) Os integrantes do grupo, dirixido por Walter Silva dende a súa creación no ano 1995, teñen unha sólida formación de vertentes tan diversas como a música clásica ou o tango.

O concerto desenvólvese en torno a unha narración a cargo de Sergio Sirgo, que conta a historia do que lles acontece a tres músicos que deixan os seus países de orixe para embarcarse rumbo á Arxentina. A maior parte do repertorio do concerto didáctico é música arxentina característica, composta por autores destacados do pasado e da creación musical actual. A relación de obras e autores, na orde de aparición do concerto, é a seguinte:

- *Garúa (tango)*, de Aníbal Troilo
- *La cumparsita (tango)*, de Matos Rodríguez, Maroni e Contursi
- *Chacarera de los gatos*, de M^a Elena Walsh
- *El día que me quieras (canción)*, de Carlos Gardel e A. Le Pera
- *La trampera (milonga)*, de Aníbal Troilo
- *Tirá ese chicle (milonga)*, de Graciela Pesce
- *Palomita blanca (vals criollo)*, de Anselmo Aleta
- *Te dije, mamá, te dije (milonga)*, de Graciela Pesce
- *A Carolina*, popular galega

1.- OS INSTRUMENTOS

a) Guitarra

Como é un dos instrumentos máis coñecidos e populares seguramente non teremos que dedicar moito tempo a explicar as súas características. Podemos facelo en forma de xogo, por medio de pistas que vaian dando información ata que alguén acerte a resposta. Por exemplo:

- está feito de madeira
- é un pouco grande pero non demasiado
- é un instrumento de corda
- existen moitos tipos, pero nós coñecemos o propio de España
- tócase moito en Andalucía
- ten 6 cordas



Cada docente pode crear a serie de pistas que queira, o importante é graduar a información que se ofrece, indo dende o máis xenérico ata o máis específico. Unha vez atopada a resposta, falaremos do aspecto da guitarra e da súa posición para tocar, observando diferentes imaxes ou vídeos elixidos polo profesor. Se o alumnado é moi pequeno, tamén se lles pode dar algún tipo de debuxo para colorear como os incluídos nos anexos, por exemplo. Debe quedar claro que estamos falando da guitarra clásica ou española, que será o instrumento que se escoite no concerto.

Como complemento, poden escoitarse exemplos de música de guitarra variada de sabor latinoamericano (incluíndo a ser posible algún tango o milonga) de autores como Antonio Lauro, Heitor Villalobos, Agustín Barrios Mangoré, Leo Brower, etc.

b) Contrabaixo



Para a presentación do contrabaixo podemos proceder de forma similar á da guitarra ou ben directamente por medio de audicións e fotografías. Unha forma de traballar podería ser por medio da comparación, atendendo a aspectos físicos do contrabaixo e cotexándoos coa guitarra, xa vista. Por exemplo: tamaño, número de cordas, buratos, trastes, posición, forma de tocar, etc. Pode encargarse ó alumnado de máis idade que realice unha táboa comparativa cos datos anteriores, do xeito seguinte:

	Guitarra	Contrabaixo
Tamaño	mediano	moi grande
Número cordas	6	4
Buratos	1 redondo	2 en forma de <i>f</i>
Trastes	Si	Non
Posición	en diagonal	en vertical
Forma de tocar	cos dedos	con arco

c) Bandoneón

Este instrumento tan tipicamente característico da música arxentina é un aerófono con fol, parente do acordeón, de forma rectangular e sección cadrada, cun timbre particular. É moi popular en Río de la Plata, particularmente Buenos Aires e



Montevideo, pola súa vinculación co tango. Ó parecer, o seu nome provén do alemán *bandonion* e este de Heinrich Band (1821-1860) a quen se lle adxudica a súa invención. Posiblemente o bandoneón resulte descoñecido para o alumnado, aínda que é moi probable que si coñezan o acordeón. Pode ser introducido por medio dunha adiviña, como por exemplo:

*Parece unha caixa chea de vento
e ti non gastas nin gota de alento*

O obxectivo será que o alumnado comprenda que non é preciso soprar para que o bandoneón funcione, igual que sucede con outros instrumentos, como o acordeón, o harmonium e os órganos de tubos. Unha vez comprendido o seu mecanismo, falaremos do seu aspecto en comparación co acordeón, e as súas diferenzas principais: o tamaño, máis reducido no bandoneón, e a ausencia de teclado, que no bandoneón é substituído por botóns.

Finalmente, escoitaremos exemplos da sonoridade do bandoneón, preferentemente procedentes do repertorio típico do máximo representante deste instrumento, Astor Piazzolla, en obras como *Libertango*, *Verano porteño*, *Adiós Nonino* ou outras.

2. AS FORMAS MUSICAIS

Durante o concerto didáctico *La bella Argentina* teremos ocasión de escoitar varias das formas musicais típicas arxentinas. Non é necesario que o alumnado coñeza todas as características de cada unha delas pero si os rasgos esenciais.

a) Tango

É un estilo de música e baile que naceu en Arxentina a principios do século XX. Ten sempre un compás cuaternario (aínda que se coñeza como a “música do dous por catro”) e uns patróns rítmicos no acompañamento e na melodía onde teñen moita importancia os acentos e as notas en *staccato*. Unha das primeiras pezas do concerto será o famosísimo tango *La Cumparsita*, sobradamente coñecido e doado de atopar en diferentes versións. Sobre unha delas podemos traballar unha pequena coreografía por parellas co alumnado; non se trata de realizar un baile moi elaborado senón de atender ás frases musicais e desprazarse polo espazo en parellas, collidas das mans e cun brazo estendido cara adiante. Primeiro darán catro pasos avanzando, logo dous pasos máis lentos e amplos para cambiar de sentido, e logo novamente desprazarse catro pasos noutra dirección. Máis ou menos, correspondería ó esquema musical seguinte:



Pode introducirse tamén o cambio de parella no momento do cambio, aínda que isto pode provocar un certo caos inicial. O obxectivo, en todo caso, será escoitar a estrutura musical do tango e as súas frases e facer coincidir os cambios no movemento en cada unha delas. Remataremos a actividade escoitando o mesmo tango en versión cantada, a ser posible por Carlos Gardel.

b) Chacarera

A seguinte peza do concerto cun ritmo característico arxentino é a *Chacarera de los gatos*, da compositora M^a Elena Walsh, destacada autora de músicas infantís e cancións tan famosas como *La tortuga Manuelita*, *El reino del revés*, *El brujo de Gulubú*, e outras moitas. A chacarera é un baile de movemento vivo que se interpreta por parellas e que tamén se canta; os seus textos soen ser suxerentes e humorísticos. Nesta *Chacarera de los gatos* prodúcese un xogo de palabras co vocábulo “gato”, que tanto pode referirse ó animal (os tres protagonistas da canción) como a unha danza popular arxentina. Nos anexos pode verse o texto completo da canción. Durante o concerto, o alumnado deberá participar na interpretación desta chacarera cantando o seu estribillo, que é así:



miau miau - miau miau mi chi mi chi - miau

Poden utilizarse as páxinas web indicadas no apartado de internet para escoitar a canción e practicar cantando sobre as gravacións.

c) Milonga

Esta canción bailable de movemento lento e compás binario é moi similar ó tango, tanto no baile, de parellas enlazadas, como na música. Durante o concerto poderemos escoitar varias milongas, unhas máis “clásicas”, como *La trampera*, e outras máis actuais e específicas para público infantil, como as tituladas *Tirá ese chicle* e *¡Te dije, mamá, te dije!* (os textos destas dúas últimas poden verse nos anexos) Posiblemente se solicite a participación do público durante a interpretación dalgunha destas milongas, ben facendo un acompañamento rítmico cos “pitos”, ben cantando algunha frase en concreto que se especificará no propio concerto.

d) Vals

Seguramente todo o alumnado coñeza este elegante baile en compás ternario onde as parellas dan rápidos xiros agarrados nun abrazo. Este baile xurdiu no século XIX en Europa e tivo diversas variantes, como o *vals vienés*, o máis coñecido e difundido, o *vals inglés*, de movementos e pasos deslizantes, ou o *vals criollo* de Sudamérica, que soe incluír golpes de tacóns e zapateos. Deste último tipo é a peza que se escoitará no concerto, *Palomita blanca*. Pode escoitarse a versión que aparece na páxina de internet www.todotango.com para utilizala co alumnado. O obxectivo será percibir o compás ternario e o seu acento, desprazándose no espazo seguindo a música. Dependendo do nivel do grupo, pode realizarse por parellas, dando voltas como nun vals habitual, ou individualmente, dando pasos amplos que coincidan cos acentos de cada compás.



Música na escola. Trío tango.
A. Moreiras

1. VOCABULARIO

Na primeira peza do concerto explícase o significado da palabra *garúa*, que ven sendo o noso orballo, esa chuvia fina e menuda que empapa pouco a pouco. Esta é só unha das diferentes palabras que aparecerán nas cancións do concerto e que corresponden ó vocabulario típico americano, infrecuente na nosa terra. É unha boa ocasión para ampliar coñecementos a partir das cancións. Ademais da xa citada *garúa*, podemos falar das seguintes palabras:

- *galera*: sombreiro de copa, chistera
- *morrongo*: gato
- *abrojos*: planta de tallos longos e rastreiros, follas compostas e froito case esférico cheo de púas. É prexudicial nos sembrados
- *trampera*: persoa que caza con trampas
- *cuneros*: referido ó berce, calquera cousa que se meta nel. Tamén pode denominarse así ó propio bebé.
- *prender*: encender, referido tamén á luz eléctrica

O seguinte paso será inventar un pequen relato que inclúa todas ou algunhas destas palabras e que conte, por exemplo, a continuación da historia dos tres músicos protagonistas do concerto. Pode ampliarse o listado engadindo os nomes dos instrumentos e danzas arxentinas xa estudadas.

2. "GALLEGOS"




Foto: Manuel Ferrol, 1957

A emigración galega dende finais do século XIX ata mediados do XX cara Sudamérica foi un feito de enorme repercusión para Galicia e América. En Galicia, sufriuse un gran despoboamento, especialmente de varóns, que influíu na economía e desenvolvemento do territorio durante moitísimo tempo e configurou a súa identidade propia. En Arxentina, a chegada da inmigración dende países europeos (España e Italia, fundamentalmente) contribuíu ó desenvolvemento económico e á prosperidade do país, especialmente na primeira metade do século XX. A presenza de galegos en Arxentina foi tal, que alí chegouse a identificar a calquera persoa chegada de España como "gallego", e aínda hoxe segue a empregarse o termo como sinónimo de "español". Podemos preguntar entre o alumnado se alguén tivo ou ten na súa familia algún parente na Arxentina ou noutro país sudamericano ou europeo. Tentaremos logo debuxar unha árbore xenealóxica que mostre os familiares emigrados e o seu lugar de destino. Igualmente faremos a viaxe en sentido inverso, isto é, indagando se algún dos nosos alumnos procede de Arxentina ou doutro país, tanto sudamericano como non, e así coñecer cal é a procedencia da inmigración nas aulas galegas, que poderemos ver máis claramente se a situamos debuxando nun mapamundi, por exemplo. O obxectivo será facer comprender ó alumnado que os fenómenos migratorios forman parte da historia e afectan a todo o mundo, e que todos somos iguais, independentemente da nosa procedencia xeográfica. No propio concerto faise fincapé neste feito, resaltando que non importa onde esteas ou de onde proveñas senón a equipaxe non material que cada un leva consigo alí onde vai: recordos, tradicións, costumes, cancións...

ANEXOS

1. Textos das cancións

Chacarera de los gatos



*Tres morrongos elegantes
de bastón, galera y guantes,
dando muchas volteretas
prepararon sus maletas*

*Miau, miau, miau, miau
Michi, michi, miau*

*Toda la ratonería
preguntó con picardía
-Micifuces, ¿dónde van?
-Nos vamos a Tucumán*

*Miau, miau, miau, miau
Michi, michi, miau*

*Pues les han pasado el dato
que hay concursos para gato
los tres michis allá van
en tranvía a Tucumán*

*Con cautela muy gatuna
cruzan la Mate de Luna
y se tiran de cabeza
al Concurso de Belleza.*

*Mas como el concurso era
para Gato...y Chacarera
los echaron del salón
sin ninguna explicación.*

*Miau, miau, miau, miau
Michi, michi, miau*

*Volvieron poco después
las galeras al revés
con abrojos en el pelo
y las colas por el suelo*

*Miau, miau, miau, miau
Michi, michi, miau*

*Le maullaron la verdad
a toda la vecindad
-¡Tucumán es feo y triste
porque el gato allá no existe!*

*Los ratones escucharon
y en seguida se marcharon.
Los ratones allá van
en tranvía a Tucumán.*

NOTAS:

morrngos: gatos

galeras: sombreros de copa, chisteras

Tucumán: importante cidade de Arxentina

Mate de Luna: gran avenida da cidade de Tucumán

gato: danza cantada típica arxentina

abrojos: tipo de mala herba

¡Tirá ese chicle! (Milonga)

Letra: G..Pesce

Música: M. Valdez

*¡Tirá ese chicle! y me pregunto
a quién le causo tanto mal
¡Tirá ese chicle! y yo lo tiro
como una botella al mar
porque en ese pedacito que mastico de dulzura
yo lo lanzo sin saber si lo podré recuperar.
¡Tirá ese chicle! y mientras busco
dónde lo podré pegar
¡Tirá ese chicle! y yo lo amaso
entre mis dedos como a un pan
porque en ese pedacito hago bolitas de ilusiones
es que espero que te olvides y lo vuelva a masticar.*

Estribillo:

*¡Tirá ese chicle!
esto no es chiste
El chicle goma
esto no es broma,
que te entra en una oreja
que te sale por la otra.
Esto yo escucho de tu boca
pero si es siempre la misma milonga.*

*¡Tirá ese chicle! y no has notado
qué bien puedo articular
¡Tirá ese chicle! y yo disiento
porque puedo coordinar,
puedo hablarte y hacer globos o hacer ritmos tan sonoros
con chasquidos y soplidos que los causo al explotar.
¡Tirá ese chicle! y el olor
a tutti frutti te hace mal
¡Tirá ese chicle! y veo un brillo
en esos ojos sin mirar
porque chicle que has tirado fue dinero malgastado
más los años de tu niño que quedaron muy atrás.*

Estribillo:

*¡Tirá ese chicle!
esto no es chiste
El chicle goma
esto no es broma
que te entra en una oreja
que te sale por la otra.
Esto yo escucho de tu boca
pero si es siempre la misma milonga.*



¡Te dije mamá, te dije! (milonga)

Letra e Música: G.Pesce

*¡Te dije mamá, te dije!,
no me gusta dormir solo
me llenaste de peluches
que no abrazan cuando lloro.*

*¡Te dije mamá, te dije!,
que el silencio me da miedo
me colgaste y con alarmas
sonajeros y cuneros.*

Estribillo

*Yo agradezco enormemente
tu cariño y comprensión
pero ahora pa' que duerma
de corrido estoy peor.
Siendo así lo que hay que hacer
te bato la solución,
es que yo pase a tu cama,
y papi vaya al comedor.*

*¡Te dije mamá, te dije!,
que la oscuridad me asusta
me prendiste tantas luces
que las noches ya son fiestas.*


*¡Te dije mamá, te dije!,
que de noche tengo sed
me pusiste un vaso de agua
pero quiero leche y té.*

Estribillo


*Yo agradezco enormemente
tu cariño y comprensión
pero ahora pa' que duerma
de corrido estoy peor.
Siendo así lo que hay que hacer
te bato la solución,
es que yo pase a tu cama,
y papi vaya al comedor.*



2. Debuxos para colorear



Guitarra



Guitarra



Contrabaixo



Acordeón

DISCOGRAFÍA


As pezas da tradición "clásica" arxentina, como *La cumparsita*, *El día que me quieras*, *La trampera*, etc., poden atoparse en versións varias na discografía do mercado actual.

A *Chacarera de los gatos* apareceu nun disco de M^a Elena Walsh editado por CBS no ano 1963, hoxe en día case imposible de atopar.


As dúas pezas de Graciela Pesce están editadas en Arxentina dentro do segundo disco de *Tango para chicos* que esta autora ten publicados.



Gabriela Pesce



Vol. I



Vol. II



Vol. III

INTERNET

Pódese suplir a carencia de discografía concreta ou accesible por medio dos enlaces seguintes:

<http://www.youtube.com/watch?v=FlwdPbIIRWQ>

Moi interesante vídeo onde o propio Astor Piazzola explica as orixes do bandoneón e o seu funcionamento

<http://www.youtube.com/watch?v=AeopRinxBq0>

Vídeo mostrando un músico tocando o bandoneón, interpretando música de tango

<http://www.todotango.com/spanish/biblioteca/default.asp>

Páxina moi completa sobre o tango, onde podemos escoitar as pezas *Garúa*, *La Cumparsita*, *El día que me quieras*, e *Palomita blanca*, e ver tamén as súas partituras.

<http://www.youtube.com/watch?v=cmZH6SxDBtc>

Vídeo coa interpretación da milonga *La trampera*, con bandoneón e guitarra

<http://www.youtube.com/watch?v=frE9HT9Ga-8>

Vídeo antigo en branco e negro coa interpretación de *La trampera* con orquestra e baile

<http://www.youtube.com/watch?v=fnbBAOtk7h8>

Bonito vídeo animado coa música da *Chacarera de los gatos*, moi apropiado para os rapaces de Primaria

<http://it.sawgi.com/mp3/MARIA+ELENA+WALCH/5.html>

Páxina para escoitar e descargar a chacarera anterior en mp3

<http://www.me.gov.ar/efeme/mewalsh/>

Páxina con moita información sobre María Elena Walsh

<http://www.myspace.com/gracielapesce>

Páxina para escoitar *Tirá ese chicle*, *Te dije, mamá, te dije*, e outras pezas de Gabriela Pesce

<http://www.gracielapesce.com.ar/>

Páxina oficial do proxecto *Tango para chicos*, da compositora Graciela Pesce

profmusicamalia@gmail.com

Enderezo electrónico para enviar preguntas, comentarios, suxerencias, ou calquera outra cuestión relacionada con esta guía didáctica.